

DE AQUÍ Á ETERNIDADE

Un obradoiro de literatura coordinado por Javier Pintor na FUNDACIÓN



LUIS SEOANE



LIBROS INMORTAIS ESCRITOS POR MULLERES

Presentación

Xoves 23 de xaneiro, 19:00 horas

“Antígona, a actualidade dun mito”. Marcos Sánchez Armesto. Pedagogo teatral

Auditorio. Entrada libre

Libros inmortais escritos por mulleres

Italo Calvino sostía que un clásico é un libro que nunca termina de dicir o que ten que dicir. Este é un dos atractivos destes textos, xunto coa súa capacidade de ofrecer novas interpretacións. O canon dos clásicos variou co tempo, xa que cada época ten os seus. Á marxe da selección académica hai outra, persoal e subxectiva, que é a que fai cada lector. A selección de libros deste obradoiro responde a este criterio. Son os meus clásicos, obras escritas por mulleres que contribuíron á miña formación e cuxa lectura supuxo para mín un inmeso placer. Segundo Mark Twain “un clásico é un libro que todos gaban e ningún le”. Esta afirmación non se cumprirá neste obradoiro, xa que imos ler e comentar algunhas das obras máis representativas da literatura escritas por mulleres, xuntando emoción, coñecemento e lecer.

Obras seleccionadas

Emilia Pardo Bazán. Los pazos de Ulloa (Austral)| Virginia Woolf. La señora Dalloway (Lumen) | Irène Nemirovsky. El baile (Salamandra)| Djuna Barnes. El bosque de la noche (Seix Barral)| Annie Ernaux. Los armarios vacíos (Cabaret Voltaire) | Agatha Kristoff. Ayer (Libros del Asteroide)| Ana M^a Matute. Primera memoria (Destino)| Clarice Lispector. Estrella distante (Siruela)| Leila Slimani. Canción dulce (Cabaret Voltaire)

Datas

GRUPO MARTES Xaneiro: 28 | Febreiro: 11, 18, 25 | Marzo: 18, 25

GRUPO XOVES Xaneiro: 30 | Febreiro: 13, 20, 27 | Marzo: 20, 27

MATRÍCULA: 75 €. HORARIO: 19:30 a 21:00 horas

Javier Pintor

Licenciado en Filoxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, é profesor de lingua e literatura española. Desde fai varios anos compatibiliza o seu traballo de formador impartindo cursos, conferencias, obradoiros e organizando eventos culturais. Colabora escribindo recensións en varios medios e coordinando diferentes revistas de ámbito educativo.

Formulario de inscrición

Nome e apelidos	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>
Correo electrónico	<input type="text"/>
Sinatura	<input type="text"/>

Por favor, envíe este formulario cumprimentado cos seus datos xunto co xustificante de pago ao enderezo info@fundacionluisseoane.gal. Grazas . **Nº de conta:** Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal